

LUNS 11 E MARTES 12 DE MAIO 2020

Seguimos co noso libro presentándovos as fichas que deberíades facer entre hoxe e mañá. Xa sabedes que podedes xestionarvos como vos veña ben, e que as actividades de ampliación son optativas.

11/05/2020

Ficha 13: (páx. 13)



Que animal vemos na ficha? Onde vive? Sabes que come?

Rodea as características que describen aos osos panda.

No reverso da ficha seguiremos a serie colocando as pegatinas.


AMPLIACIÓN: Pensar ou buscar por Internet os animais en perigo de extinción (explicarémoslles aos nenos/as que son os animais en perigo de extinción: a supervivencia da especie non está asegurada, xa que hai moi poucos).

Algúns dos animais son: gorila, tiburón branco, oso polar, rinoceronte branco,...

Os nenos poderán pegar a imaxe do animal seleccionado (se temos impresora) senón poderán debuxalo, no reverso da ficha (debaixo da serie de pegatinas) e ao lado escribiremos:

- Por que está recuberto? (pelo, pluma, escamas ou pel)
- Cal é o seu hábitat? (deserto, bosque, mar, aire)
- Por onde se despraza/anda? (terra, mar ou aire)
- De que dispón? (cornos, pico, cola, alas, 4 patas, 2 patas, caparazón).

FICHA 14: (páx. 14)



Toca sumar.

Explicarémolles aos nenos/as en que consiste a suma (unir /xuntar/agrupar obxectos). Antes de comezar coa ficha poñerémolles diferentes sumas aos rapaces con bolis, tenedores, cores... ou con calquera obxecto que teñamos a man. Nun lado temos que poñer unha cantidade de bolis e noutro outra cantidade (nunca superando o total de 10). Os nenos deberán contar o total de bolis que hai se os xuntamos todos.

Podemos ver o seguinte vídeo para seguir reforzando o concepto da suma.

<https://www.youtube.com/watch?v=eLoJWiucZJE>

<https://www.youtube.com/watch?v=gecf6Api3tl>

Logo pasamos a facer a ficha. Debaixo de cada imaxe escribiremos o número de animais que hai. Toca debuxar o total de animais que hai en cada suma (nos recadros da dereita) e tamén escribiremos o número total na parte de abaixo de cada recadro.


No reverso da ficha deberán escribir o número seguinte ao indicado (espacio e con boa letra).

AMPLIACIÓN: Podemos realizar algunhas sumas máis de xeito interactivo no seguinte enlace:

<https://www.cokitos.com/juego-sumas-sencillas/play/>

AMPLIACIÓN: Podemos copiar nun folio o que vedes na imaxe. Trátase de ter un plantilla para facer sumas (se o metedes dentro dunha funda de plástico podedes empregala con rotuladores borrables as veces que queirades). Nos recadros escribiremos os números que queredes que os nenos/as sumen. O rapaz deberá debuxar encima de cada número a cantidade indicada de

círculos, corazóns, raias... e finalmente contará o total de debuxos feitos e escribirá o resultado no recadro da dereita.



AMPLIACIÓN: Tamén podedes construír a vosa máquina de para sumar. Déixovos a continuación algunha imaxes.



12/05/2020

FICHA 19: (páx. 19)



Toca traballar a grafomotricidade do bucle ascendente e descendente. Repasamos o trazo primeiro con lapis e logo con rotuladores de cores. No reverso da ficha tamén temos que repasar a grafía.

FICHA 20: (páx.20)



Concepto de verdadeiro/falso.

Nestas fichas hai animais que son falsos xa que teñen atributos que non lles corresponden. Toca dicir o nome de cada animal e iremos dicindo se son falsos ou verdadeiros. Se son falsos diremos o atributo que non teñen na realidade e tacharémolo e rodea os animais que son verdadeiros.

No reverso da ficha toca seguir a serie coas pegatinas.

AMPLIACIÓN: Canción “ vamos a contar mentiras”

<https://www.youtube.com/watch?v=8ipkVXMsP0g>

AMPLIACIÓN: O neno debuxará na parte traseira da ficha un animal e engadiralle os atributos absurdos que el/a queira.



AMPLIACIÓN:

Traballamos de xeito oral:

A continuación vemos os debuxos dos absurdos. Os nenos/as deberán fixarse nas imaxes e comentarán os fallos que detectan nas mesmas.



